

CANDO UNHA MULLER SOBE A ESCALEIRA

1537

Mikio Naruse, 1960

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2025 | V.O.S.E. | 111 min

Keiko acaba de quedar viúva e ten que valerse por si mesma. Encontra un emprego como anfitrión nun local de Tokio, pero ademais de cubrir os seus propios gastos debe axudar economicamente o seu irmán enfermo e sen traballo. Tras seducir a un rico cliente, unha moza geisha deixa o traballo, cousa bastante habitual. En cambio, Keiko, que desexa honrar a memoria do seu marido, négase a se relacionar cos ricos clientes da casa.

«Interpretada cunha mestura emotiva de dignidade e desesperación por Hideko Takamine. Ofrece unha fascinante visión da conservadora sociedade xaponesa»

David Parkinson, EMPIRE



As mil e unha adversidades dunha muller

Distrito de Ginza, cidade de Tokio. Keiko (Hideko Takamine), á que todos chaman “mama”, é unha geisha de mediana idade que se debate entre seguir exercendo como encargada de locais nocturnos que non son seus ou abrir un propio.

Cando unha muller sobe a escaleira é un dos filmes imprescindibles do gran Mikio Naruse, autor de importancia capital dentro da cinematografía nipoa. Os seus pesimistas relatos sobre mulleres que teñen que afrontar mil e unha adversidades para seguir adiante, son un bocado moi gorentoso como para que o bo cinéfilo o deixe escapar.

Neste filme volve contar coa presenza da súa musa: a fermosa e delicada Hideko Takamine, quen dá vida a unha muller que, tras o falecemento do seu esposo, deberá abrirse paso no difícil e sórdido mundo da noite. Naruse narra as súas vicisitudes cunha sensibilidade e un tacto case poéticos, sendo a doce voz (en off) da súa protagonista, a que nos guíe ao longo de toda a metraje.

A simple acción de subir unhas escaleiras, as que conducen ao local no que traballa, é utilizada de forma reiterada polo director como metáfora do sufrimento que para Keiko supón acudir cada día ao lugar que lle permite sobrevivir. Alí debe finxir amabilidade, perfumarse con fragancias caras e beber alcol ata sentirse bébeda para así contentar os seus clientes. Ao contrario do que fan moitas compañeiras de profesión, Keiko, sempre ataviada con kimono clásico debido ao seu carácter conservador, mantense virtuosa, negándose a ter relacións cos homes que frecuentan o negocio. Esta opción que, basicamente, diferenza a unha geisha dunha prostituta, causaralle non poucos problemas á hora de manter os seus locais abertos.

A pesar de que a película, do mesmo xeito que case toda a filmografía do seu autor, gravita en torno ao universo feminino, nela tamén atopamos toda unha galería de personaxes masculinos, encarnados por grandes actores xaponeses, que resultarán claves no desenvolvemento da trama: Komatsu (Tatsuya Nakadai), que ama en segredo a Keiko, a axuda na administración e o funcionamento dos clubs; Fujisaki (Masayuki Mori), ademais de ser un respectado banqueiro, é o único home que provoca certos sentimentos amorosos nela; o gordecho e farsante Sekine (Daisuke Katô), que a pretende como esposa; mentres que o vello e rico Goda (Ganjiro Nakamura), ofrécelle diñeiro para que monte o seu propio local a cambio de que se converta en amante del.

En definitiva, *Onna ga kaidan wo agaru toki* constitúe, xunto con algúns filmes de Mizoguchi, unha das mellores obras que sobre o mundo das geishas xamais realizado.

Publicado en johannes-esculpiendoeltiempo.blogspot.com